

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25 DE SETEMBRO DE 2008

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e cinco de setembro de dous mil oito, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista:

D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D. José Eduardo Zapata Roel
D.^a Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

D. Manuel Parga Fernández
D. Antón Sánchez García

Non asiste:

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (VB)

Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutiérrez Ortiz
A secretaria xeral: D.^a M.^a de las Mercedes Fernández González

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 31 DE XULLO DE 2008.

2.- ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA EN RELACIÓN COAS OBRAS DENOMINADAS: “PROYECTO DE RED SECUNDARIA DE SANEAMIENTO EN CORTIÑÁN”, E “PROYECTO DE RED SECUNDARIA DE SANEAMIENTO EN LUBRE”, INCLUIDAS NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

3.- ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA EN RELACIÓN CO PROXECTO DA OBRA DENOMINADA “SANEAMIENTO EN RAXÁS (ZONA N-VI) Y FIOBRE (ZONA AC-164)”, INCLUÍDA NO PLAN HIDROLÓXIO DE GALICIA, PROMOVIDO POLA ADMINISTRACIÓN HIDRÁULICA DE GALICIA.

4.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO 2007

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO 2008 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

6.- DETERMINACIÓN DOS INTEGRANTES QUE COMPOÑERÁN A COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL REFERENTE Ó PLAN XERAL DE ORDENAMENTO MUNICIPAL. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

7.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA ÁREA DA CORUÑA. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

8.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE BERGONDO Ó GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA “GOLFO ÁRTABRO”. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

9.- ASUNTOS URXENTES

10.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 31 DE XULLO DE 2008.

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión plenaria do día 31 de xullo de 2008. A Sra. alcaldesa pregunta se algún integrante da Corporación ten que formular algunha observación á dita acta; non se formulan, polo que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2.- ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA EN RELACIÓN COAS OBRAS DENOMINADAS: “PROYECTO DE RED SECUNDARIA DE SANEAMIENTO EN CORTIÑÁN”, E “PROYECTO DE RED SECUNDARIA DE SANEAMIENTO EN LUBRE”, INCLUÍDAS NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Con data 6 de xuño de 2008, e núm. 3335 do Rexistro Xeral de Entrada, recibíuse un escrito da Excm. Deputación Provincial da Coruña, no que nos comunican que o Pleno desa Deputación aprobou as **Bases reguladoras do Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011**, entre os que se atopa incluído este concello, e ó que se lle asigna a cantidade de **405.714,07 euros**.

As Bases que regulan o dito Plan, publicáronse no Boletín Oficial da Provincia núm. 128, do día 5 de xuño de 2008, e establecen como a súa **finalidade**, a de “cooperar cos concellos da provincia cunha poboación inferior á 20.000 habitantes na realización de investimentos relacionados co ciclo da auga, co medio natural e coa mellora da rede viaria local intermunicipal. Por iso, o **obxecto** do Plan concrétase na realización de novos investimentos municipais das seguintes tipoloxías: A) Infraestruturas do ciclo hidráulico... B) Obras de calidade ambiental do contorno... C) Mellora da rede viaria local intermunicipal”.

De acordo co citado Plan, “os concellos deberán realizar obrigatoriamente unha **achega municipal** mínima calculada aplicando ó orzamento do proxecto a porcentaxe que lles corresponda” segundo a escala establecida nas Bases reguladoras do mesmo, e que no caso do Concello de Bergondo, por ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes é do 10%. Non obstante, os concellos poderán voluntariamente incrementar o importe da súa achega cando sexa preciso para completar o presuposto total do proxecto técnico da obra.

Así mesmo, as bases regulan, entre outros, a documentación que deberán presentar os concellos que desexen participar no citado organismo e que é a seguinte: **Certificación do acordo plenario municipal** segundo o modelo remitido pola Deputación, **Informe técnico** para cada un dos proxectos presentados, **Documento acreditativo das autorizacións administrativas precisas e Documentación técnica** consistente en dous exemplares de cada proxecto técnico, co contido establecido no artigo 107 da Lei 30/2007, de contratos do Sector Público. A **data límite de presentación** da citada documentación é a que se indica a continuación:

Anualidade de aprobación do Plan pola Deputación	Data límite de presentación da documentación polos concellos
Anualidade 2008	30 de setembro de 2008
Anualidade 2009	30 de setembro de 2008
Anualidade 2010	30 de setembro de 2009
Anualidade 2011	30 de setembro de 2010

En consecuencia procedeuse a solicita-la elaboración dos proxectos correspondentes e a requirir do arquitecto municipal a emisión dun informe sobre os mesmos, co fin de **propoñer ó Pleno que, tras o exame do citado expediente, adopte o seguinte acordo:**

Primeiro. Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidades 2008 e 2009, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
“Red secundaria de Saneamento en Cortiñán”, presentado no Concello o 15/09/2008, con núm. do Rex. Xeral de Entrada 5558. ANUALIDADE 2008	145.567,63 euros	14.556,76 euros	131.010,87 euros
Red secundaria de Saneamento en Lubre, presentado no Concello o	155.100,36 euros	15.510,04 euros	139.590,32 euros

15/09/2008, con núm. do Rex. Xeral Entrada 5557. ANUALIDADE 2009			
TOTAL	300.667,99 euros	30.066,80 euros	270.601,19 euros

Segundo. *Aprobar os proxectos técnicos citados no apartado primeiro, redactados polo enxeñeiro de camiños don José Luis Piñeiro Arnos, colexiado núm. 5178.*

Terceiro.- *Declarar que por este concello estanse a tramitar as actuacións correspondentes para a disposición dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, así como todo o relacionado coas concesións e autorizacións que legalmente sexan necesarias.*

Cuarto. *Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello conta con financiamento dabondo para facer fronte á obra nomeada “Red secundaria de Saneamento en Cortiñán”, correspondente á anualidade 2008, de acordo co informe da intervención municipal de data 15 de setembro de 2008; así mesmo, comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o financiamento da obra nomeada “Red secundaria de Saneamento en Lubre”, correspondente á anualidade 2009.*

Quinto. *Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento dos citados investimentos.*

Sexto. *Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está o corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.*

Sétimo. *Facultar á alcaldesa para executar todo o relacionado co presente acordo.*

Non obstante, o Pleno municipal decidirá o que crea máis conveniente.

Bergondo, 15 de setembro de 2008= A alcaldesa =Alejandra Pérez Máquez”

Toma a palabra a Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández e fai constar que o voto do seu partido vai ser favorable ás obras presentadas, pero que quere recalcar que as ditas obras de saneamento en Cortiñán e Lubre foron presentadas en sendas mocións do BNG no pasado Pleno do día 31 de xullo, e retiradas a petición da Alcaldía por estar xa contempladas en novos proxectos nesas parroquias. Agora, nembargante, o saneamento que se contempla para Cortiñán non coincide co que o seu grupo propoñía, polo que reclaman da Alcaldía o compromiso de incluír o saneamento de Cortiñán de Abaixo nunha próxima actuación.

A Sra. alcaldesa responde que, por parte do equipo de goberno, xa se estaba considerado continuar cos proxectos de saneamento na zona de Cortiñán de abaixo, como nas restantes zonas do concello.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

3.- ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA EN RELACIÓN CO PROXECTO DA OBRA DENOMINADA “SANEAMIENTO EN RAXÁS (ZONA N-VI) Y FIOBRE (ZONA AC-164)”, INCLUÍDA NO PLAN HIDROLÓXIO DE GALICIA, PROMOVIDO POLA ADMINISTRACIÓN HIDRÁULICA DE GALICIA.

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Con data 19/08/2008, e núm. 4.941, segundo o Rexistro Xeral de Entrada deste Concello, recibíuse escrito da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible-Augas de Galicia, onde comunican que dentro do marco do Plan Hidrolóxico de Galicia e os seus instrumentos de ordenación de desenvolvemento e das actuacións previstas na Programación de infraestruturas hidráulicas de abastecemento e saneamento en pequenos núcleos de poboación para o período 2008-2014, inclúese a obra antes citada.

Asemade, maniféstase que co fin de tramitar o expediente para executar a obra pola Administración Hidráulica, solicita acordo do Pleno onde se faga constar a documentación que se nos indica no citado escrito.

En consecuencia co exposto, propónse ao Pleno da Corporación que, previo exame do expediente, adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Mostrar a conformidade co proxecto denominado Saneamento en Raxás (Zona N-VI) e Fiobre (Zona AC-164), Bergondo (A Coruña) **Clave: OH.315.846** e a separata da obra redactados polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. José Luis Piñeiro Arnos, colexiado núm. 5178.

Segundo: Comprometerse á entrega de terreos e auga necesarios, libres de cargas e gravames, para a normal execución das obras.

Terceiro: Comprometerse á entrega das autorizacións e permisos administrativos necesarios para a realización das obras.

Cuarto: Renunciar expresamente á retención de calquera tipo de taxa, licenza, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

Quinto: Comprometerse a asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, unha vez formalizada a acta de recepción pola Administración Hidráulica e entregadas por esta ao concello, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

Non obstante ao anterior, o Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 12 de setembro de 2008=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

Toma a palabra a Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández e manifesta que o BNG fai constar o seu apoio á proposta da Alcaldía; non obstante queren resaltar que na obra de “saneamento de Raxás”, contemplase unha longa tubaría de saneamento secundario por unha zona na que non hai vivendas, paralela á AP-9, para conectar co colector xeral. Para o BNG este tramo non ten xeito, xa que o avance do novo Plan Xeral de Urbanismo esa zona estará ocupada por un novo Polígono Industrial, co cal a dita tubaría tería que ser anulada ou substituída; eles propoñen o enlace co colector xeral cruzando a AP-9, en paralelo coa N-VI.

Toma a palabra o Sr. concelleiro de Vías, Obras e Urbanismo, Francisco Mata, e responde que non teñen constancia da creación dun Polígono Industrial na zona. O cruce na AP-9 sería moi custoso, e ademais quedarían algunhas vivendas sen servizo.

A Sra. concelleira de VB, M.^a Loreto Caseiras Arroyo, pregunta se xa se sabe quen son os propietarios das parcelas afectadas polo proxecto.

o Sr. concelleiro de Vías, Obras e Urbanismo contesta que si

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

4.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO 2007

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas do día 23 de maio de 2008, que transcrita literalmente di:

“Unha vez rendidos pola Alcaldía os estados e contas anuais, a Intervención municipal nos termos establecidos no artigo 212 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), procedeu (segundo Providencia de Alcaldía de 28 de abril de 2008) a formar a Conta Xeral, emitindo un informe de data 30 de abril de 2008, que acompaña á mesma.

Sendo preceptivo a emisión do informe da Comisión Especial de Contas, propoño a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Informar favorablemente a Conta Xeral do exercicio económico 2007, co desglose das Contas e Estados que a forma, e se indican a continuación:

	Exercicio 2006	Exercicio 2007
1. BALANCE DE SITUACIÓN: TOTAL ACTIVO E PASIVO:	17.357.904,46 €	20.267.534,05 €
2. CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL:	2.114.165,00 €	2.444.185,02 €
Aforro		
Desaforro	0,00 €	0,00 €

3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

A) Resultado orzamentario exercicio 2007

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a.- Operacións correntes	4.245.140,41	3.681.977,70		
b.- Operacións correntes non financeiras	1.881.022,31	3.459.325,23		
1. Total operacións non financeiras (a+b)	6.126.162,72	7.141.302,93		
2. Activos financeiros	8.763,34	11.598,58		
3. Pasivos financeiros	225.130,63	0,00		
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	6.360.056,69	7.152.901,51		-792.844,82
AXUSTES				
4. Créditos gastados financiados con remanente tesourería para gastos xerais			846.802,90	
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio			772.444,16	
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio			141.264,97	1.477.982,09
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				685.137,27

B) Estado remanente de tesourería

- Fondos líquidos na tesourería	2.949.765,38 euros.
- Dereitos pendentes de cobro en fin de exercicio.....	302.286,74 euros.
- Obrigas pendentes de pago en fin de exercicio.....	726.617,75 euros.
- <u>Remanente Tesourería total.....</u>	<u>2.525.434,37 euros.</u>
- Saldos de dubidoso cobro.....	0,00 euros.
- Exceso de financiación afectada.....	147.063,90 euros.
- Remanente de Tesourería para gastos xerais.....	2.378.370,47 euros.

C) Dereitos e obrigas pendentes exercicio 2007

- Dereitos pendentes de cobro.....	299.894,46 euros.
- Obrigas pendentes de pago.....	532.158,07 euros.

D) Remanentes de crédito

- Comprometidos..... 546.292,12 euros.
- Non comprometidos..... 2.079.367,92 euros.

4. MEMORIA que completa, amplía e comenta a información contida no balance, na conta de resultado económico patrimonial e o estado de liquidación do orzamento.

Segundo: Que se expoña ó público por prazo de quince días e oito máis, para que os interesados poidan presentar reclamacións, reparos ou observacións; de non presentarse, a referida Conta someterase ó Pleno da Corporación para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do 1 de outubro de 2008, de acordo co previsto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A Comisión Especial de Contas decidirá o que estime mais conveniente.

Bergondo, 2 de maio de 2008=O alcalde en funcións(Dec. nº 175/2008)=Asdo. José M. Francisco Mata Buyo”

A continuación toma a palabra a Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández e fai expresa a aprobación do seu grupo á conta xeral de 2007; sen embargo queren destacar tres puntos que para eles son importantes:

.- O compromiso do gasto pola carpa para a inauguración da Senra fíxose cun contrato menor limitado a 12.020,04 € e, non obstante, presentáronse dúas facturas por un importe total de 22.040,00 € por elo a Intervención municipal fiscalizou desfavorablemente a aprobación das facturas, dando lugar a un “reparo suspensivo” pola súa parte.

.- A factura de 73.117,52 € presentada pola empresa redactora do Plan Xeral, e para a súa aprobación inicial, chegou fora do prazo de 4 anos que tiña o contrato asinado polo alcalde e a empresa; isto provocou que a Intervención municipal fiscalizara negativamente a aprobación da factura, e dera lugar a un “repara suspensivo” pola súa parte.

.- A contratación temporal, e a xornada completa, dun coordinador do servizo de Protección Civil sen que este posto de traballo figure entre os previstos para o ano 2007, polo cal tampouco o seu soldo estaba definido e contemplado nos presupostos correspondentes; o contrato tampouco se fixo por un tempo determinado, como se contempla na Lei. Todo isto provoca, tamén, a fiscalización desfavorable e o “reparo suspensivo” da Intervención.

O BNG considera moi grave que, a pesares de todo o antedito, o grupo de goberno aprobase, sen xustificar con razóns de peso as facturas, pasando así por riba da normativa vixente ó respecto, de xeito reiterativo.

A Sra. alcaldesa contesta que respecto destes reparos incluídos na Conta Xeral, gobernar significa ter que tomar decisións en momentos nos que non hai tempo para facer os procesos que se deberían seguir. Este é un concello que cumpre habitualmente con todos os procesos e informes preceptivos e o levantamento dos reparos está en todos os casos mais que xustificadas.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO 2008 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Elaborado o expediente sobre modificación de créditos do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para o actual exercicio de 2008, no que se inclúe un suplemento de crédito, por un importe de 481.000,00 euros, para facer fronte ás obrigas a cargo desta Corporación, relativas ó Capítulo VI de Inversións Reais e ós Capítulos II e IV correspondente a gastos de Bens correntes e de Servizos e a transferencias correntes, e xustificada a urxencia das citadas modificacións na Memoria da Alcaldía de data 10 de setembro de 2008 que consta no presente expediente, e previo Informe da Intervención Municipal de data 10 de setembro de 2008, preséntanse os créditos que se pretenden modificar desglosados por partidas orzamentarias xunto coa súa financiación.

En consecuencia, propónse ó Pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: *Aprobar a proposta de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito referida, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás partidas que se detallan a continuación e polo importe reflectido:*

Capítulo II: Gastos en Bens Correntes e de Servizos.

<i>Partida orzamentaria</i>	<i>Concepto orzamentario.</i>	<i>Consignación Inicial</i>	<i>Incremento</i>	<i>Consignación Definitiva</i>
121/220.01	Admón. Xeral. Prensa e publicacións	12.000,00	6.000,00	18.000,00
121/220.02	Material informático no inventariable	10.000,00	5.000,00	15.000,00
121/221.00	Admón. Xeral. Subministración enerxía eléctrica	60.000,00	20.000,00	80.000,00
121/222.01	Admón. Xeral. Gastos postais	10.000,00	5.000,00	15.000,00
222/221.04	Seguridade. Vestiario	1.500,00	4.000,00	5.500,00
313/226.00	Servizos Socias. Programa 3	65.000,00	25.000,00	90.000,00
422/212.00	Ensinanza. Edificios	6.500,00	10.000,00	16.500,00
422/223.09	Ensinanza. Gastos de transporte escolar	19.950,00	6.000,00	25.950,00
432/221.00	Urbanismo e arquitectura. Enerxía Eléctrica	90.000,00	20.000,00	110.000,00
432/227.06	Urbanismo e arquitectura. Estudos e traballos técnicos	85.000,00	60.000,00	145.000,00
441/221.01	Sanemento e abastecemento de auga	609.392,03	170.000,00	779.392,03
451/226.09	Promoción da cultura. Outros gastos	70.000,00	30.000,00	100.000,00
452/226.04	Educación física e deportes. Gastos diversos	63.000,00	20.000,00	83.000,00
511/214.00	Estradas e camiños. Material de transporte	12.000,00	5.000,00	17.000,00
	CAPÍTULO II: TOTALIDADE DE CRÉDITO	1.114.342,03	386.000,00	1.500.342,03

Capítulo IV: Transferencias correntes.

<i>Partida orzamentaria</i>	<i>Concepto orzamentario.</i>	<i>Consignación Inicial</i>	<i>Incremento</i>	<i>Consignación Definitiva</i>
911/450.00	Transf. Consellería de Política Teritorial, Obras Públicas e Transporte	10.000,00	20.000,00	30.000,00
	CAPÍTULO IV: TOTALIDADE DE CRÉDITO	10.000,00	20.000,00	30.000,00

Capítulo VI: Inversións reais:

<i>Partida orzamentaria</i>	<i>Concepto orzamentario.</i>	<i>Consignación Inicial</i>	<i>Incremento</i>	<i>Consignación Definitiva</i>
511/611.00	Estradas e camiños. Plan municipal de pequenas infraestruturas	394.998,00	75.000,00	469.998,00

	CAPÍTULO VI: TOTALIDADE DE CRÉDITO	394.998,00	75.000,00	469.998,00
--	---	------------	-----------	------------

TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO: 481.000,00 euros

O financiamento deste suplemento de crédito proposto realizarase con cargo a:

Remanente líquido de Tesourería co seguinte desglose:

Remanente líquido de Tesourería a esta data: 2.009.742,97 euros

Cantidad que se precisa utilizar neste expediente: 481.000,00 euros

Diferenza, cantidade de Remanente sobrante: 1.528.742,97 euros

Consecuentemente coas modificacións acordadas, o Orzamento de 2008 queda como segue:

Resumo da modificación orzamentaria por capítulos de gasto

Capítulo	Crédito inicial	Aumento	Disminucións	Créditos definitivo
1.- Gastos de persoal	2.001.384,67	0	0	2.001.384,67
2.- Gastos bens correntes e servic.	1.946.188,19	386.000,00	0	2.332.188,19
3.- Gastos financeiros	25.000,00	0	0	25.000,00
4.- Transferencias correntes	219.100,00	20.000,00	0	239.100,00
6.- Inversións reais	2.195.807,56	75.000,00	0	2.270.807,56
7.- Transferencias de capital	901,01	0	0	901,01
8.- Activos financeiros	22.000,00	0	0	22.000,00
9.- Pasivos financeiros	43.333,34	0	0	43.333,34
TOTAIS	6.453.714,77	481.000,00	0	6.934.714,77

TERCEIRO: *Que se continúe a tramitación do expediente, con inmediata exposición ó público durante 15 días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.*

CUARTO: *Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.*

QUINTO: *Remitir copia do expediente á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.*

O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.

Bergondo, 15 de setembro de 2008=A Alcaldesa =Asdo. Alejandra Pérez Máquez”

Toma a palabra a Sra. concelleira de VB, Loreto Caseiras Arroyo e manifesta que igual que dixo na Comisión informativa, isto é unha mostra mais da improvisación do equipo de goberno, xa que coñecen de antemán os gastos que temos, e, sen embargo hai que recorrer a estes mecanismos para cubrir gastos que son previsibles.

A Sra. alcaldesa sinala que son procedementos habituais en todos os concellos, aquí normalmente só se fai un ó ano. A partida referente á enerxía eléctrica refírese ó alumeadado público, a referente á Urbanismo é para a redacción de proxectos; ademais hai en marcha novas licitacións para os contratos de Cultura e Deportes e as actividades de Servizos Sociais, que xa levaban 4 anos sen renovarse.

A Sra. concelleira de VB di que esperan que con este incremento de crédito poidan acometer as obras e melloras que solicitan dende o partido.

Sra. alcaldesa: ata onde chegue, naturalmente o que queremos dende o equipo de goberno é seguir dando os mellores servizos ós veciños.

O Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández manifesta que aínda estando en parte de acordo co exposto por Veciños de Bergondo, van dar o seu voto favorable á proposta da Alcaldía.

A continuación procedese á **votación** da **proposta de Alcaldía**, que tivo o seguinte resultado:
Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: unha abstención; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) votos a favor.

Total: once (11) votos a favor e unha (1) abstención.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

6.- DETERMINACIÓN DOS INTEGRANTES QUE COMPOÑERÁN A COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL REFERENTE Ó PLAN XERAL DE ORDENAMENTO MUNICIPAL. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“O Pleno municipal na sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de marzo de 2008, de acordo co previsto no art. 68.4 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galiza e art. 124.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, de ROF, adoptou o acordo de constituír unha Comisión Informativa Especial para o seguimento, estudo e informe do PXOM, sendo de aplicación ao respecto o seguinte:

a) Obxecto :

- seguimento da tramitación do PXOM*
- estudo do PXOM*
- ditame do PXOM*

b) Composición : de acordo co previsto no art. 125 do ROF, estará composta por un/unha concelleiro/a de cada grupo político municipal, sendo presidida polo alcalde.

c) Duración: ata a aprobación definitiva do PXOM.

*Tendo en conta que ó día de hoxe non constan identificados os integrantes da Corporación que formarán a citada Comisión Especial, **propono** a adopción do seguinte acordo:*

Primeiro: *que se determine por cada un dos voceiros dos diferentes grupos municipais, mediante escrito dirixido á Sra. alcaldesa, os titulares e suplentes da citada Comisión Especial.*

Segundo: *aplicar o sistema de voto ponderado, da mesma forma que na Comisión Informativa preceptiva de asuntos do Pleno.*

Non obstante, o Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 15 de setembro de 2008=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

A Sra. concelleira de VB, Loreto Caseiras Arroyo, solicita que se aclare e concrete a composición da Comisión, é dicir, cantos concelleiros haberá por partido, e como vai ser a forma de votación.

Seguidamente a Sra. alcaldesa infórmalle que vai funcionar igual que as actuais Comisións Informativas, unha Presidenta, que será ela, e un Vogal por cada grupo político; o sistema de votación será tamén igual que nas actuais Comisións, segundo o artigo 66 da Lei 5/97 de 12 de xullo, da Administración Local de Galicia, o sistema de voto ponderado.

O Partido Popular presentou un escrito no día de hoxe, co núm. de rexistro de entrada 5830, no que sinala como representante na citada Comisión Informativa Especial, ó concelleiro José E. Zapata Roel; a Silvia M.^a Vázquez Cardelle como 1^a suplente e José Luis Dans Medín, 2^o suplente.

A continuación os restantes grupos políticos poñen en coñecemento do Pleno os seus titulares e suplentes, quedando constituída a Comisión Informativa Especial para o seguimento do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do seguinte xeito:

Presidenta:

D.^a Alejandra Pérez Máquez

Vogais titulares:

D. José M. Francisco Mata Buyo - PSdeG-PSOE

D. José E. Zapata Roel - PP

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro - VB

D. Antón Sánchez García – BNG

Vogais suplentes do PSdeG-PSOE:

D. Jesús Vázquez García

D. Francisco Javier Santos Maseda

D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado

D.omingo Fuentes Rocha

Vogais suplentes do PP:

D.^a Silvia M.^a Vázquez Cardelle

D. José Luis Dans Medín

Vogal suplente de Veciños de Bergondo:

D.^a M.^a del Loreto Caseiras Arroyo

Vogal suplente do BNG:

D. Manuel Parga Fernández.

Enterados os reunidos/as, o Pleno toma coñecemento dos/as integrantes titulares e suplentes da Comisión, e, así mesmo, aproba a proposta antes transcrita.

7.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA ÁREA DA CORUÑA. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*“Por este concello, xunto cos demais que integran a Mancomunidade de municipios da area da Coruña, vanse realizar diversas xestións de competencia desa Entidade; comprobándose que está vacante o nomeamento dos representantes correspondentes a este concello, **propono** ó Pleno municipal que adopte o seguinte acordo:*

Nomear representantes da Corporación na Mancomunidade de municipios da área da Coruña aos seguintes concelleiros e nos órganos que se indican:

a) Comisión Xestora da Mancomunidade:

A alcaldesa, Alejandra Pérez Máquez.

b) *Asemblea da Mancomunidade:*
A alcaldesa, Alejandra Pérez Máquez.
O segundo tenente de alcalde, Jesús Vázquez García
O Pleno Municipal decidirá o que crea máis conveniente.
Bergondo, 15 de setembro de 2008
A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

8.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE BERGONDO Ó GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA “GOLFO ÁRTABRO”. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“A Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos presentou o que será o novo Eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca (FEP), como oportunidade para que as poboacións pesqueiras poidan desenvolver o seu enramado socioeconómico contando coa participación activa das organizacións profesionais do sector pesqueiro, e partindo dunha visión zonal das realidades concretas de cada área.

Os encargados de levar a cabo esta estratexia serán os GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA, que terán un funcionamento similar aos ata agora coñecidos como Grupos de Acción Local. Para elo, se pretende constituír o Grupo de Acción Costeira “ Golfo Ártabro”, que abarcará os municipios de Arteixo, Bergondo, Cambre, Culleredo, Miño, Oleiros, Paderne, Pontedeume, Sada, Cabanas, Ares, Mugardos, Fene, Neda e Narón.

A día de hoxe, publicouse no DOG. nº 144 de 28 de xullo de 2008 a convocatoria para presentar candidaturas e xa se creou unha Comisión Xestora formada polos concellos que se presentaron voluntarios (Sada, Paderne, Pontedeume e Ares) e as diferentes Confrarías. Esta xestora será a encargada de ir coordinando esforzos, preparando a constitución formal da asociación que xestione o mencionado Grupo de Acción Costeira, e elaborando un documento da Candidatura que haberá que presentar antes do 15 de outubro de 2008.

Para constituírse oficialmente como asociación o Grupo de Acción Costeira “ Golfo Ártabro” se propuxo, por diferentes axentes, a data do 03/10/2008 ás 19:30 horas na Casa da Cultura Pintor Llorens de Sada , polo que a data límite para adherirse será este día.

*Por todo isto, e dado que é necesario conformar un novo Grupo de Acción Costeira no que participen todas as confrarías interesadas do territorio e os Concellos correspondentes, **PROPÓNSE** a aprobación da adhesión do Concello de Bergondo como socio do Grupo de Acción Costeira “ Golfo Ártabro”, que terá forma de Asociación sen ánimo de lucro, segundo a Lei 1/2002 de Asociacións de Galiza.*

O Pleno municipal decidirá o que crea máis conveniente.
Bergondo, 8 de setembro de 2008=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

9.- ASUNTOS URXENTES

Seguidamente a Sra. alcaldesa, de acordo co previsto no artigo 91.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), pregunta aos voceiros dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a esta convocatoria.

O grupo municipal do BNG, presenta unha Moción referente á *CONSERVACIÓN, RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DE FONTES, LAVADOIROS E CAMIÑOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE BERGONDO*”, xustifica a súa urxencia en que canto mais tempo pase mais se pon en perigo a conservación do patrimonio público; ademais, cren que debería haber unha cartografía destes bens no Plan Xeral.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e manifesta que van votar a favor polo compromiso existente na Corporación, pero que consideran que este non é un asunto para tratar como urxente; hai que ter en conta que por parte do equipo de goberno xa se está a traballar na recuperación deses bens, de feito cada ano estanse recuperando un par de fontes, polo menos.

O Sr. voceiro do PP, José E. Zapata Roel di, que o seu grupo considera que este non é un asunto urxente; o noso grupo apoiou a iniciativa de votar a favor os asuntos urxentes, pero que se se sigue na dinámica de traer asuntos que non considera urxentes, cambiaran de estratexia.

A Sra. concelleira de VB, manifesta que vai votar a favor da urxencia porque realmente si existe a necesidade de recuperar, sobre todo os camiños públicos, senón ¿cando vai ser urxente para o equipo de goberno?, algún día haberá que asumir esas obras e melloras.

O Sr. concelleiro do BNG, Antón Sánchez García, di que eles noutras sesións plenarias tamén votaron a urxencia de asuntos presentados polo PP e polo PSOE que non consideraban urxentes.

A Sra. alcaldesa manifesta que cando o equipo de goberno trae un asunto urxente é porque ten urxencia, senón incluírían na Orde do día.

Logo das manifestacións recollidas, sométese a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelos.

9.1- CONSERVACIÓN, RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DE FONTES, LAVADOIROS E CAMIÑOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

O Sr. concelleiro do BNG, da lectura á moción presentada:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O coidado, protección e posta en valor do patrimonio público debe de ser un obxectivo de calqueira goberno municipal.

Bergondo conta cun rico patrimonio de fontes, lavadoiros e camiños públicos que actualmente atópanse xeralmente nun estado lamentable, e incluso se dan casos moi habituais de apropiacións de camiños, recheo de fontes, etc..

Se non se actúa rápido pódese perder moito deste patrimonio público.

Dende o BNG de Bergondo cremos que o goberno municipal debe de velar pola protección destes elementos e dotalos dun uso que beneficie ós habitantes do concello e ós visitantes.

Son lugares que poder ser usados para esparcemento, lecer, actividades medioambientais e culturais, actividades que deberían ser inseridas dentro da política municipal para dar servizo e proporcionar benestar ós cidadáns de Bergondo.

O primeiro paso debe de ser a realización dun inventario de todos estes elementos en Bergondo, localizándoos cartográficamente dun xeito preciso, para evitar en primeira instancia os intentos de apropiación por parte de maos privadas.

A partir deste primeiro e indispensable paso, deben de vir as políticas de rehabilitación e conservación, que ademais de rehabilitación física das instalacións ou/e lugares debe de ser unha políticas que possibiliten a participación activa e o disfrute destes lugares, creando roteiros de senderismo, actividades ligadas ó ciclo da auga, etc..

Polo tanto o Grupo Municipal do BNG de Bergondo hónrase en propoñer o seguinte

ACORDO:

- 1. Considerar como prioritario a conservación e posta en valor de fontes, lavadoiros e camiños públicos do Concello de Bergondo.*
- 2. Realizar un inventario de ditos elementos localizándoos de xeito preciso e cartográficamente.*
- 3. Diseñar e lava a cabo políticas para a súa rehabilitación, posta en valor e mantemento.”*

A continuación a Sra. alcaldesa reitera que o equipo de goberno xa está traballando na recuperación de fontes, como son as de Cortiñán e Armuño, e pensan seguir con Trasdoval e Lubre, polo que o voto do grupo do PSdG-PSOE, vai ser en contra.

Toma a palabra o Sr. voceiro do PP, e manifesta que non considera este asunto prioritario, hai cousas mais importantes que facer no concello, polo que tamén o grupo do PP votará en contra.

Seguidamente toma a palabra a Sra. concelleira de VB, Loreto Caseiras Arroyo, e manifesta que o seu grupo vai votar a favor, porque é un tema que xa se trouxo moitas veces a Pleno.

O Sr. concelleiro do BNG di que xa sabe que non é prioritario para o PP; que cando gobernou ocupáronse camiños públicos por particulares e non pasou nada, tamén cando gobernou o PSOE. Ó BNG parécelle que este é un tema de futuro, e que tamén traballan noutros temas; o importante é ter ese mapa dos camiños, e a partir de aí poderase facer esa política de revalorización.

A continuación procedese á **votación da moción do BNG**, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: seis (6) votos en contra; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos en contra; Grupo municipal Veciños de Bergondo: un (1) a favor; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) votos a favor.

Total: nove (9) votos en contra e tres (3) a favor.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara non aprobada por maioría de votos en contra, a proposta antes transcrita.

O grupo municipal de VB, presenta unha primeira Moción referente ás riadas que ocasionan as instalación do “Polígono de Bergondo”, xustifica a súa urxencia en que hai un acordo que non se cumpriu, e cara o tempo que imos pode volver a anegarse a zona de Armuño.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e manifesta que non lles parece urxente, xa que se fixo unha reunión dos veciños co concelleiro de obras, no seu momento, pero que votarán a favor da urxencia.

Logo das manifestacións recollidas, sométese a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelo.

9.2. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA EN RELACIÓN ÁS RIADAS QUE SE OCASIONAN NO LUGAR DE ARMUÑO, PARROQUIA DE LUBRE.

A Sra. concelleira de VB, da lectura á moción presentada:

“Nadie pode entender que en pleno século XXI un polígono industrial teña unha estupenda parcela de uso comunitario que tantos beneficios da ós empresarios de Bergondo e, en inverno, tantos disgustos dé ós veciños de Armuño.

O pasado 26 de Maio unha ducia de veciños de Armuño acompañáronnos a este Concello para dar conta do que acontecera facía uns días: unha avalancha de auga e lodos mezclados con fecais anegaron as súas fincas en Armuño.

Os veciños, moi comedidos, explicaron ó Concejal de obras que, cando chove forte, dende hai catro anos, Armuño nada en auga. O Concejal de obras mostrou a súa inquietude e comprometeuse a minimizar o impacto das futuras riadas no prazo dunha semana.

Os veciños, aínda así, presentaron o 17 de Xunio un resumo da reunión e os compromisos adoptados, coas firmas de todos os habitantes de Armuño afectados (algo máis de 50 personas).

Pero o caso é que nada se fixo, só se limpiaron as cunetas deixándoas cubertas da maleza desbrozada.

O pasado día 5, despois dunha boa tronada, novamente anegouse todo Armuño. As cunetas dende o Espírito Santo tupíronse (aínda o están hoxe), volveron a baixar os lodos do recheo que está levando a cabo o Concello na parcela municipal, e volveron a misturarse fecales procedentes das naves de “Utande”. Ó chamar á Sra. Alcaldesa para deirlle o que estaba pasando, a súa desposta foi: “Estamos nel...”

Hoxe todo segue igual: as cunetas tupidas, as gavias tapadas e os recheos continúan sen ningunha medida de prevención de riadas, tan só queda esperar á seguinte cando volva a chover, e todos aqueles compromisos do Concejal de obras quedan oscurecidos polas flamantes declaracións da Sra. Alcaldesa, según a cual, está a traballar nun ambicioso proxecto, cando só fai parches. Se nos dí que ten a porta aberta a todos pero a realidade é que ten as orellas pechadas ós problemas dos veciños.

Visto ó anterior, os Concejales do GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE BERGONDO, de acordo co artigo 91.4 do R.O.F, presentan a seguinte:

MOCIÓN

I.- Que o Concello cumpra có acordado cos veciños de forma inmediata.

II.- Que o Concello limpe de maleza e repare de forma inmediata as cunetas da aldea de Armuño.

III.- Que acorde, mediante Decreto urgente da Alcaldía, a obriga de vaciado das fosas sépticas ó grupo de naves industriais da antiga “Utande”.

IV.- Que volva de forma inmediata a facer a gabia que existía no linde entre o Polígono de Bergondo e as fincas dos veciños (camiño vecinal).

V.- Que paralice as obras de recheo no linde entre Armuño e o Polígono.

VI.- Que informe ós veciños de Armuño mediante un bando das accións e prazos que se van a adoptar. En Bergondo, a 23 de Setembro de 2008.= GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE BERGONDO”

A continuación a Sra. alcaldesa manifesta que o seu equipo de goberno non deixa ós veciños desamparados, estase traballando nunha solución a longo prazo, e, ademais, estase a rematar un proxecto coas empresas do Polígono, e limpándose camiños aínda que sexan da Deputación.

A Sra. concelleira de VB di que o importante é o do día a día; na reunión cos veciños o concelleiro dixo que estaría amañado nunha semana.

Toma a palabra o Sr. concelleiro de Vías e Obras, Francisco Mata Buyo, e manifesta que el nunca dixo iso, o que dixo foi que nunha semana falaría coa Deputación para que limpara a estrada que é súa; ademais, creouse unha comisión dos empresarios do Polígono que son os que se fan cargo da fosa das naves de Utande.

A Sra. concelleira de VB pregúntalle ó Sr. concelleiro, que prazo lle dá para amañar este asunto. o Sr. concelleiro de Vías e Obras responde que non lle pode dar ningún.

Toma a palabra o Sr. voceiro do PP, José E. Zapata Roel e manifesta que o seu grupo vai votar en contra, porque ademais pensa que non son unhas formas axeitadas para presentar unha Moción.

O Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández, manifesta que o seu grupo vai votar a favor.

A continuación procedese á **votación** da **moción de VB**, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: seis (6) votos en contra; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos en contra; Grupo municipal Veciños de Bergondo: un (1) a favor; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) votos a favor.

Total: nove (9) votos en contra e tres (3) a favor.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara non aprobada por maioría de votos en contra, a proposta antes transcrita.

O grupo municipal de VB, presenta unha segunda Moción referente á seguridade vial na N-VI no seu paso pola zona de Cortiñán, xustifica a súa urxencia nos continuos accidentes que alí se ocasionan.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelos.

9.3. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA EN RELACIÓN Á SEGURIDADE VIAL NA N-VI, NA ZONA DE CORTIÑÁN.

A Sra. concelleira de VB, da lectura á moción presentada:

“Dende hai ven tempo vimos a asistir a continuos accidentes de tráfico na Parroquia de Cortiñán. Os veciños aseguran ter medo ó transitaren polas beirarrúas e síntese imposibilitados para atravesar a estrada NACIONAL VI. Os vehículos circulan demasiado rápido e non respetan as sinais de limitación da velocidade, sin que exista control por os axentes da Guardia Civil de Tráfico, o que o converte nun dos “puntos negros” do noso Concello, no que raro é o día que non ocorre algún percance.

Ademais, son coñecidas e continuas as críticas que se fan os veciños de Cortiñán á corporación Municipal por non facilitar feitos tan simples como cruzar á parada de enfrente para coller o bus ou trasladarse ás Parroquias colindantes, xa que non dispoñemos de ningún paso peonil para atravesar a estrada N-VI.

É por tanto un exercicio lóxico de humanidade e solidariedade cos veciños de Cortiñán solicitar as medidas que vertebran a poboación sobre todo no rural, dotándoa de medios materiais para que sexa máis fácil a vida diaria dos que viven nesta Parroquia, e tamén é un exercicio de responsabilidade dotarlles de medios de prevención. Non vale de nada lamentarse da fatalidade despois dun accidente, habendo fórmulas sinxelas que poden impedilos sobre todo cando se fala de vías importantes cunha gran densidade de tráfico.

Visto o anterior, os Concejales do GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE BERGONDO, de acordo co artículo 91.4 do R.O.F, presentan a seguinte:

MOCIÓN

I.- Que o Concello de Bergondo SOLICITE DE FORMA URXENTE ó Ministerio de Fomento a instalación dun paso peonil elevado na Parroquia de Cortiñán, para facilitar ós veciños o cruce da estrada Nacional VI.

II.- Que o Concello informe no seguinte Pleno das negociacións e prazos que se establezcan a este respecto.

En Bergondo, a 23 de Setembro de 2008.= GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE BERGONDO”

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e manifesta que non lles parece urxente, xa que se está en contacto con Fomento, é están traballando nun proxecto que engloba toda a estrada N-VI, que vai continuar ata Betanzos, esta no trámite de aprobarse e probablemente nolo remitan en marzo.

A Sra. concelleira de VB pregúntalle polo contido do proxecto para esa zona.

A Sra. alcaldesa, responde que estará en trámite de exposición pública no seu momento.

O Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández, di que o seu grupo quere manifestar a preocupación dos veciños de Cortiñán e Guísamo, por este asunto.

A continuación procedese á **votación** da **moción de VB**, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: seis (6) votos en contra; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos en contra; Grupo municipal Veciños de Bergondo: un (1) a favor; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) votos a favor.

Total: nove (9) votos en contra e tres (3) a favor.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara non aprobada por maioría de votos en contra, a proposta antes transcrita.

O grupo municipal de VB, presenta unha terceira Moción referente á ampliación dos cemiterios do concello, xustifica a urxencia en que xa foi solicitado en numerosas ocasións.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelos.

9.4. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA EN RELACIÓN Á AMPLIACIÓN DOS CEMITERIOS EXISTENTES NO CONCELLO.

A Sra. concelleira de VB, da lectura á moción presentada:

A sociedade de Bergondo ven de manifestar de forma continua a necesidades de ampliación dos nosos Cemiterios. Temos coñecemento de que existen familias en “listas de espera” para acadar dereitos sobre os nichos que se constrúan en todas as Parroquias deste Concello.

Ademais, o envellecemento poboacional aumenta cada ano notablemente alcanzando cifras cercanas ó 19%, o cal nos esixe a todos un exercicio de responsabilidade para dotar de lugares de reposo cando esta vida finaliza e comeza a longa viaxe.

Todos os veciños ós que se lles consulta din que é unha necesidade importante dispor de espazos suficientes para esta finalidade.

O anterior equipo de Goberno dotou dunha partida de 60.000 euros para nichos no Cemiterio da que aínda non se dispuxo, e os terreos tamén están disponibles.

Sendo conscientes das necesidades expostas e dispoñendo de dotación presupuestaria contemplada, e tendo en conta que o tempo xoga na nosa contra, os Concejales do GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE BERGONDO, de acordo co artigo 91.4 do R.O.F, presentan a seguinte:

MOCIÓN

Que o Concello de Bergondo INICIE DE FORMA INMEDIATA a contratación das obras de construción e ampliación do Cemiterio na Parroquia de San Salvador, por ser ésta a máis grande, a de máis demanda e a que dispón de terreos suficientes para acometer a ampliación, e sexan finalizadas neste exercicio con cargo á partida presupuestaria 443/622,00, que ten unha asignación de 60.000 euros para o investimento.

En Bergondo, a 23 de Setembro de 2008.=GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE BERGONDO“

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e manifesta que é un asunto no que están traballando, pero que xuridicamente é complicado, xa que se trata de cemiterios que non son ni municipais nin parroquiais; debe manterse esa partida, pero hai que clarificar esa figura xurídica.

A Sra. concelleira de VB pregúntalle polo cemiterio de San Salvador.

A Sra. alcaldesa, responde que ese é municipal.

A Sra. concelleira de VB di que entón tome as medidas oportunas.

A Sra. alcaldesa, manifesta que a intención do equipo de goberno é buscar solución para todos, e non esquecer ó resto dos veciños.

A continuación procedese á **votación** da **moción de VB**, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: seis (6) votos en contra; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos en contra; Grupo municipal Veciños de Bergondo: un (1) a favor; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dúas (2) abstencións.

Total: nove (9) votos en contra, un (1) a favor, e dúas (2) abstencións.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara non aprobada por maioría de votos en contra, a proposta antes transcrita.

10.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 28 de xullo ata o 19 de setembro de 2008, numerados do 587/2008 ao 747/2008. O Pleno queda enterado.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Grupo municipal do PP, presentou os seus Rogos e Preguntas o día 24 de setembro, co núm do rexistro de entrada: 5813; son as seguintes:

ROGOS:

- 1.- *Arreglo de la carretera Ponte do Porco-Muros en el lugar de Santa Marta.*
- 2.- *Limpieza de la capilla de San Isidro.*
- 3.- *Retirada de la canasta situada en las pistas de Guísamo. (detrás del Centro social)*
- 4.- *Colocación de puntos de luz en Bergondiño.*
- 5.- *Reposición de la señal de “STOP” en la carretera de Peteiro a la entrada de la autopista en Santa Marta.*
- 6.- *Bacheado del camino de Lubre: Rúa da Lama – La Fosca.*
- 7.- *Instar para la retirada del poste de Fenosa en el centro de Babío.*
- 8.- *Requerir a los propietarios o representantes de la Urbanización Baldomir para la ejecución del enganche a la red de saneamiento.*
- 9.- *Zona de Lavandeira: apertura del camino y saneamiento.*
- 10.- *Arreglo de las farolas en el parque de Bergondiño.*
- 11.- *Arreglo del espejo situado a la altura del cruceiro en Obra de Paño (detrás de la granja).*
- 12.- *Arreglo del espejo en Sampaio.*
- 13.- *Instar al Consorcio para la dotación de contenedores en la zona de Santa Marta.*
- 14.- *En el lugar de A Cortiña, instar al propietario para la realización de tareas de limpieza.*
- 15.- *Ensanchamiento de la carretera de Peteiro.*
- 16.- *Acondicionamiento del terreno municipal situado en la parte trasera del ayuntamiento y estudio para la viabilidad de la creación de un gimnasio al aire libre.*
- 17.- *Arreglo de la carretera travesía de San Isidro.*
- 18.- *Recogida de pluviais y solución de fecales en travesía de San Isidro. Estudiar la posibilidad de incluirlo en el P.O.S.*
- 19.- *Arreglo de la plaza de Guísamo*

PREGUNTAS:

- 1.- *Situación de la N-VI a su paso por todo el termino municipal y valoración de la reunión mantenida con Fomento en los últimos días para buscar una solución al problema existente. ¿Hay algún informe*

que puedan facilitar a los grupos de la oposición para conocer las medidas que se van a tomar desde el concello?.

Sra. alcaldesa: esta xa foi contestada na Moción presentada por Veciños de Bergondo.

2.- Situación de las obras en “La Fosca-Río Mayor”. Previsión y plazos para la finalización de dichas obras.

Sra. alcaldesa: na Fosca o saneamento está reparado. As obras en Rio Maior están pendentes do cambio da barandilla.

3.- ¿Se están realizando desde el concello negociaciones para que no se lleve a cabo la retirada de la ambulancia? En caso de que se retire ¿han pensado en alguna alternativa para solucionar este problema?.

Sra. alcaldesa: o concello non ten coñecemento de nada oficial, pero si se están a facer negociacións; remitíronse escritos á Fundación 061 e á Delegación da Consellería de Sanidade. O día 24 recibimos unha resposta cos datos que eles manexan, indicando que o concello quedaría perfectamente cuberto por Sada e Betanzos, pero nós pensamos que non é suficiente xa que a comarca quedaría moi debilitada coa retirada desta ambulancia. A día de hoxe aínda non hai nada seguro.

A continuación a Sr.alcaldesa da resposta ás preguntas presentadas polo grupo de Veciños de Bergondo, no anterior Pleno ordinario do día 31 de xullo, e se transcriben a continuación:

I.- ¿Cando se van a cumprir os compromisos adquiridos polo equipo de governo o ano pasado achega das Mocions presentadas e aprobadas de Veciños de Bergondo?

Nada se fixo nin se sabe acerca das convocatorias públicas dos plenos, nin da reparacion da estrada e ponte de tren en San Paio, nin da adecuacion da estrada de acceso a autopista por Santa Marta , nin do estado do traballo para o futuro Centro de Día.

Sra. alcaldesa: os compromisos vanse desenrolando en diversas etapas e non todos se poden acometer nuns meses.

En canto as convocatorias dos plenos, si se están a facer, e se algunha vez non se fixo foi por un descoido puntual.

A reparación da estrada e ponte do tren en San Paio, e a adecuación do acceso a autopista de Santa Marta están pendentes de recibir as memorias valoradas.

O futuro Centro de Día e un proxecto a longo prazo.

II.- O pasado mes de abril Veciños de Bergondo xunto cunha ducia de veciños de Armuño reunímonos con Francisco Mata para notificarlle o acotencido con ultímalas choivas na citada zona; todo foron boas palabras, a dia de HOXE nada se fixo fora de que o luns, dous meses despois, desbrozaron as cunetas, aínda que o Concelleiro se comprometeu a esixir á Diputacion que limparan as cunetas esa mesma semana e, senón, o faria o Concello. O certo é que, dous meses despois límpanse. Non lles vou a dicir o cabreados que estan en Armiño, só preguntolles ¿Cómo estan os puntos acordados entre os veciños e o Concello DOUS MESES despois?.

Sra. alcaldesa: se está acordando coas empresas do Polígono e os técnicos, unha solución que sexa definitiva e se procurará que se faga o antes posible.

III.- *O Alcantarillado de San Fiz ¿Por qué leva parado tanto tempo e cando se vai a desbloquear? ¿Cal é a prevision real?*

Sra. alcaldesa: os traballos de alcantarillado en San Fiz retomáronse ultimamente coa adxudicación do proxecto “Colector principal de saneamento en Raxás”, a previsión de remate das obras e de 3 meses aproximadamente.

IV.- *¿Cando van a limpar a arqueta de Trasdoval e as cunetas colindantes que están revosantes de augas fecales? No verán o odor é insoportable asi como as nuves de mosquitos.*

Sra. alcaldesa: o proxecto antes referenciado, xa resolve este problema.

V.- *Do Alcantarillado de Santa Marta, ¿Cando se rematará a unión entre Aldea de Arriba coa depuradora (canalización colindante ao Centro Médico Euroespes)?*

Sra. alcaldesa: a unión entre Aldea de Arriba e a depuradora está xa rematada.

VI.- *Do alcantarillado de Santa Marta ¿Cando se van reparar as entradas ás leiras e casas que as obras deixaron sen reparar e que produciron un profundo malestar entre os veciños ao negarse a empresa concesionaria a repoñelas ó seu estado inicial?*

Sra. alcaldesa: as entradas ás leiras e casas deterioradas serán repostas, é unha obriga da empresa, e ó Concello non lle consta que a empresa se negase á reposición.

VII.- *¿Para cando se vai a reparar o firme da estrada Santa Marta a Guísamo que está nun estado lamentable despois das obras de alcantarillado e que repuxeron con algo de grava existindo numerosos vaches?.*

Sra. alcaldesa: o firme da estrada está aínda pendente xa que a obra non se rematou, e se conta con que en outubro estea finalizada.

VIII.- *Do Alcantarillado de Lubre primeira fase ¿Para cando teñen previsto que rematen as obras?*

Sra. alcaldesa: Lubre I Fase está rematado, aínda que estean neste mes coas últimas reposicións.

IX.- *É urxente reparar o firme pendente no fondal de Lubre, entre as obras do Rio Maior e as do alcantarillado. Os veciños desa zona sítense abandonados tras 8 meses de continuos problemas de acceso.*

Sra. alcaldesa: este firme está reparado.

X.- *¿Cando comeza a segunda fase do alcantarillado de Lubre? ¿Hai data concreta? ¿Están xa licitadas as obras?.*

Sra. alcaldesa: non están licitadas as obras do proxecto, e polo tanto non se pode dar unha data de comezo, en todo caso será no 2009.

XI.- *¿Cando comezan as obras da nova depuradora de Gandarío? Levamos case 8 meses de atraso no inicio e nin se notificaron as expropiacións ós afectados.*

Sra. alcaldesa: os traballos para a identificación dos propietarios están rematados, en próximas datas se lles notificarán as expropiacións.

XII.- *Os veciños de Guísamo e usuarios da Guarderia e a Igrexa reclaman que se regule a circulación na zona limitando a velocidade ata con bandas rugosas. Levámosllo pedindo un ano. ¿Cando comezará esta actuación?*

Sra. alcaldesa: nunha recente visita do delegado da COTOP manifestóuselle esa preocupación e nos comunicaron que o estudarían rapidamente.

XIV.- ¿Cal é o Plan Viario Municipal?. Os puntos negros ¿Cando se van a tomar medidas e cales serán?. De nada serven as campañas para unha mellor conducción se as sinais viarias no noso Concello están mal colocadas e sen mantemento, tapadas pola maleza, por iso seguimos saíndo cada pouco con accidentes graves de tráfico.

Sra. alcaldesa: nos proxectos das estradas e camiños que son da nosa competencia, ou nos que somos redactores dos proxectos se está incluíndo a sinalización e as medidas para garantir a seguridade vial. Nas sinais xa existentes levarase a cabo unha inspección máis pormenorizada.

XV.- ¿En qué quedaron as negociacións e cando se van a iniciar os expedientes para a creación do paseo marítimo entre a praia de Sada e praia de Gandarío?

Sra. alcaldesa: o paseo marítimo Sada-Gandarío é un proxecto antigo, que varias veces estivo nos presupostos do Estado, pero que non se levou a cabo, e non temos coñecemento de que se teña previsto retomar.

XVI.- ¿Cando se inician as obras das beirarrúas entre Lubre e Armuño que a Diputación ten proxectadas?

Sra. alcaldesa: a Deputación non ten proxecto sobre estas beirarrúas, pero si que se as solicitamos, e como non houbo contestación, se reiterou a petición.

XVII.- Do orzamento municipal ¿Qué medidas vanse a tomar para minimizar o gasto e fomentar o aforro? Recórdolles que estamos en crise.

Sra. alcaldesa: o concello xa ten a obriga de aforrar, con e sen crise, e de controlar o gasto intentando que as obras e servizos se executen co presuposto máis barato, pero ó mesmo tempo coa calidade que se precisa.

As medidas van sempre nesa dirección.

XVIII.- Na partida de investimentos ¿Cómo imos? ¿Vanse a realizar todas as obras comprometidas neste exercicio? ¿Cómo están as obras do POS 2008?¿ Licitáronse xa?.

Sra. alcaldesa: parte dos investimentos non se levarán a cabo no que queda de ano, e se terán que afrontar no ano 2009. As obras do POS 2008 foron adxudicadas definitivamente neste mes.

XIX.- ¿En qué horario pódese localizar no Concello aos Concelleiros, qué días e qué horas? Seguimos recibindo duras críticas á ausencia destes e recórdolles que se incrementaron os seus salarios coa excusa de que van dedicar mais horas. ¿Pódense facer públicos os horarios mediante un bando? Porque os veciños non saben cando nin como localizalos.

Sra. alcaldesa: o horario dos concelleiros depende moitas veces das súas roldas de traballo, e dos cambios que se vexan obrigados a facer para asistir a Plenos, Comisións Informativas, Xuntas de Goberno Local, Mesas de Contratación,... A atención ao público é principalmente polas tardes e se poñen as citas de mutuo acordo cos veciños. Non nos constan queixas por ese motivo.

XXI.- ¿A qué hora inician os funcionarios a súa xornada laboral de atención ao público?. Seguimos recibindo duras críticas e queixas.

Sra. alcaldesa: o horario xeral para o persoal administrativo é de 9:00 a 15:00 e unha tarde á semana, agás os horarios especiais (pavillón, Senra, biblioteca...) e permisos especiais por maternidade, conciliación de vida laboral e persoal, fillos menores a cargo, ... Para a maior eficacia do servizo, nalgún departamento a atención ao público é ata as 14:00 horas.

XXII.- ¿En qué estado atópase o Convenio cos Traballadores? Quedamos que en Xullo se retomaba este asunto.

Sra. alcaldesa: realizouse unha xuntanza cos representantes dos traballadores e nesa xuntanza se quedou en convocar á Mesa Xeral de Negociación despois do 15 de setembro, á volta das vacacións. O decreto de convocatoria está feito con data 22 de setembro, e se empra a aos membros da mesa para o vindeiro día 3 de outubro ás 18:00 horas.

XXIII.- ¿Por qué se esta presionando aos electos do Comité de Empresa dende a Alcaldía? ¿Por qué dimiten os electos do Comité de Empresa dos seus cargos? Se realmente queremos un Convenio non debe de ter problemas en que os traballadores represéntense. Rogámoslles cesen algúns de forzar a renuncia porque é unha actividade de pleno dereito.

Sra. alcaldesa: non se presiona os electos do comité, se dimitiron, os seus motivos terían.

Seguidamente dáse conta das preguntas presentadas polo Grupo municipal de Veciños de Bergondo para a sesión do día de hoxe; foron presentadas o día 23 de setembro co núm. de Rexistro de Entrada 5776, e son as seguintes:

1.- No ano 2006 a deputación doulle 59.996,96 euros para a mellora da área recreativa de Mariñan segundo consta na acta da sesión plenaria do día 23 de febreiro ¿Sabe vostede que a casa colindante SIGUE SUFRINDO inundacións ao verter as augas da cuneta que rodea a praza sobre a súa finca, denunciadas en numerosas ocasións e que non se lle da resposta, alegando que a obra xa está entregada? ¿Podería dar a este pleno unha data de subsanación?.

Sra. alcaldesa: amañouse cando se fixo a praza, non temos noticias de mais vertidos.

2.- ¿En que estado se atopa o proxecto AVE Coruña Betanzos? ¿Sumáronse ás declaracións instucionais do pasado mes de Xuño que o Concello de Cambre realizou acerca do novo trazado? ¿Están participando en algunha negociación con Fomento?.

Sra. alcaldesa: ó Concello de Bergondo non se lle comunicou nada, pero sabemos que se está a estudar outra alternativa do trazado; cando se reciba estará en exposición pública.

3.- En que estado atópase o proxecto de canalización do río de Lubre a o seu paso polo río Mayor? ¿A obra xa está entregada?.

¿Os servizos municipais déronse conta que o conduto presenta no seu interior mais de 70 cm de lodo en todo o seu recorrido? ,

¿Notaron que xa empezan a desprenderse pedras na parte superior debido a ausencia de formigón?.

Sra. alcaldesa: a obra aínda non está entregada. Augas de Galicia non permite o selado das pedras con formigón, se caen a empresa as terá que repoñer.

4.- No ano 2007 a Deputación dálle 203.359,22 euros para creación dunha nova praza pública en San Fiz - Vixoi segundo consta na acta de sesión plenaria do mes de maio. Finalmente destina esa partida a outra obra en Guisamo. ¿Ten xa acreditada a titularidade dos terreos para poder volver a reclamar esta asignación e poder ofrecerlles aos veciños a praza prometida?.

Sra. alcaldesa: aínda non.

5.- En resolución 22 xuño de 2007 a Xunta notifica que se propón gasificar en Bergondo as zonas de Ouces, Gandarío, Silvoso, a Lagoa, así como a URBANIZACIÓN DE A LONGUEIRA.

No pleno de marzo o Sr. Voceiro de VB preguntou se se fixo algunha xestión con Gas Galicia para saber se é posible levar gas ao Polígono de Bergondo, ou se hai algunha cooperación. Rogamos nos aclare a situación na que se está porque nós falando cun dos xerentes dinos que non teñen ningunha noticia ao respecto.

A Sra. alcaldesa en funcións contestou: “en todo caso, lle contestaremos nun próximo pleno”. ¿Pode indicar a este pleno as negociacións que ten feito o concello para dotar de gas non so aos montes se non ao groso da poboación e aos polígonos industriais?.

Sra. alcaldesa: non se retomaron as negociacións.

6.- A señora alcaldesa asegurou no pleno de marzo a unha pregunta de Vb que se cumpriria coa lei para a prevención dos incendios e confirmou que por exemplo se adecuaría á normativa a estación depuradora de Santa Marta.

¿Por qué segue sen limpar? ¿Por qué a urbanización do Monte Santa Marta non aplica a normativa en canto a limpeza e separación de eucaliptos das casas? ¿Acaso esperamos a un incendio para lamentarnos ou simplemente esqueceu o prometido?.

Sra. alcaldesa: da instalación soamente se usa un depósito. Comunicouse a Aquagest que amañen o vallado urxentemente.

En canto a limpeza no monte de Santa Marta, séguense os mesmos trámites que para o resto de propietarios do concello.

7.- A estación de Bombeo do Monte de Santa Marta non cumpre coa lei de prevención de riscos laborais (se hai un accidente o responsable é o Concello)xa que ao estar preto das casas o vallado debe estar en perfecto estado e atópase en estado ruinoso. ¿Cando pensan arranxalo?.

Sra. alcaldesa: Non hai estación de bombeo no Monte de Santa Marta, se se refire ós depósitos de auga, o vallado deberá repoñerse.

8.- Vostede asegurou no pleno de marzo que faría o posible para que se arranxara a estrada Betanzos-Bergondo xa que ao seu paso por Bergondo presenta un firme desgastado e irregular. ¿Vaise arranxar este ano?¿ Solicitáronllo xa a Deputación?.

Sra. alcaldesa: si, solicitóuselle á Xunta, e adecuouse algo, pero o compromiso é de que se fará o ano próximo un arranxo completo.

9.- ¿Que opina a Sra. alcaldesa da estupenda limpeza e mantemento do parque infantil que esta o carón do concello? ¿Non lle parece un pouco atrevido telo case de continuo coa herba alta e co material de xogo xa desgastado? Os parques fixéronse para usalos , ¿pensa vostede trocar a periodicidade do mantemento e a reposición do material desgastado ou roto neste e no resto dos parques do concello como esixe o decreto 306/1997?.

Sra. alcaldesa: farase unha reposición nos próximos meses para adecuar todos os parques á lexislación vixente; temos un estudo recente.

10.- As veciñas e nais de Guísamo pediron, ao igual que VB, en reiteradas ocasións que se rebaixase a velocidade na estrada de Guísamo a Cambre. ¿Pensaron xa en solicitar a rebaixa da velocidade e incluso, se é necesario, esixir a colocación de bandas rugosas para o seu cumprimento?.

Sra. alcaldesa: recentemente comunicóuselle esa necesidade ó delegado da COTOP.

11.- Segundo as últimas informacións aparecidas na prensa parece que se vai a eliminar o servizo da Ambulancia no concello. ¿Pode vostede informar debidamente de cales foron as negociacións e en que estado se atopan para evitar a retirada deste servizo do concello?.

Sra. alcaldesa: xa está respondida nas preguntas do PP.

12.- ¿Pode explicar a señora alcaldesa a distribución do persoal que atende o camión de bombeiros, os turnos de garda e o número tanto de condutores como de efectivos? Lémbrolle que a deputación sufragou con 120.000 euros este servizo e na relación de persoal laboral do concello constan dous condutores

Sra. alcaldesa: hai que puntualizar que aquí non hai bombeiros, estamos adscritos ó servizo dos parques de bombeiros de Betanzos e Arteixo; o que hai é un vehículo de primeira intervención. Na xornada de mañá é o persoal laboral do concello o que presta o servizo; pola tarde é o persoal de protección civil.

13.- ¿Xa ten finalizado o plan de emerxencia que estaba a elaborar?.

Sra. alcaldesa: previsiblemente estea rematado a finais de outubro.

14.- ¿De canto vai ser a partida para seguir co proceso da creación do centro de día aprobado neste pleno xa fai mais dun ano? ¿Teremos a mesma sorte que o festival folck onde se aumentou considerablemente a contía de gasto? ¿Para cando ten previsto informar a este pleno do estado do informe no que se lle asinou unha partida de 36.000€ e cando poderemos contar con dito centro? Lémbrolle que é unha actividade moi demandada xa que a nosa poboación vella é case do 19%.

Sra. alcaldesa: aínda non esta feito o orzamento do ano 2009, e non hai datas concretas para o Centro de día. Non é certo que aumentara considerablemente a contía do festival folk

15.- O pasado mes de novembro a unha pregunta de VB acerca dos plans de futuro para dar resposta a creación dunha nova gardería a alcaldía indicaba textualmente que se estaba a redactar un proxecto básico para incluír dentro dos usos comerciais do polígono unha gardería para así atender a demanda, afirmando que as obras estaríanse a executar e que en dous anos podería estar en funcionamento, ¿pode dicirnos en que estado se atopa tanto este proxecto como as obras que actualmente están paradas dende fai meses? ¿Vanse cumprir os prazos que afirmaba a alcaldía?.

Sra. alcaldesa: a empresa tivo que facer un modificado do proxecto, xa que tiña informes en contra; o novo proxecto aínda non está informado.

16.- As informacións que este concello verte os medios de comunicación son contraditorias en días , acerca do regulamento da intersección do tráfico a altura de Guísamo , xa que na prensa un día di que fomento no fai nada e o outro que hai un proxecto xa para finalizar , en que quedamos ? pode aclarar, en que estado se atopa o proxecto ten xa unha previsión para a súa implantación

Sra. alcaldesa: xa está contestada nas respostas ó PP.

17.- *Cando se van a entregar os locais os grupos ?*

Sra. alcaldesa: nestes próximos días.

18.- *O pasado mes de xuño o pleno de Cambre aprobou una alegación en relación á Via Artabra para solicitar a fomento conectar a vía ártabra procedente de Oleiros co intercambiador da AP9 en Guísamo modificando o trazado inicial, foi informado este axuntamento de esta proposta? Negociouse co concello de Cambre esta proposta, se é así cando tiña pensado informar ao pleno desta proposta? A que afectaría no noso concello ?*

Sra. alcaldesa: este concello non está informado da alegación, non hai nada consensuado; polo que se refire ó noso concello o trazado actual non lle afecta.

19.- *En que estado se atopa o plan de aforro eléctrico que o concello ten pensado desenvolver como investimento este ano que entraba dentro da partida 432/611*

Sra. alcaldesa: estase preparando unha Memoria para concorrer á subvención publicada no DOG do 8 de setembro, de proxectos de aforro e eficacia enerxética.

Seguidamente dáse conta das preguntas presentadas polo Grupo municipal do BNG; foron presentadas o día 23 e 25 de setembro co núms. de Rexistro de Entrada 5768 e 5823, e son as seguintes:

1.- *Valoración acerca da sentenza do TSXG do Estudo de Detalle da Costa de Ouces.*

Sra. alcaldesa: reiteramos a nosa postura, os informes técnicos dicían que se axustaba ás Normas Subsidiarias do concello para ese tipo de solo, valoramos a sentenza na súa medida, ás veces danos a razón e outras non; é unha interpretación da Norma que acataremos.

O Sr. concelleiro do BNG, Antón Sánchez García manifesta que debería replantexarse a política urbanística do concello; as Normas Subsidiarias deben estar condicionadas pola Lei do Solo.

2.- *¿Que xestións se realizaron acerca da aparición de verquidos no rego de Callou no pasado mes de agosto?*

Sra. alcaldesa: despois de que apareceran pediuse a Augas de Galicia para que fixera un estudo do contido; aínda non nos contestaron, esperamos ter eses análises para tomar medidas.

3.- *¿Realizouse algunha xestión encamiñada á consecución dun Centro de Día en Bergondo?*

Sra. alcaldesa: aínda non.

4.- *¿Legalizou o concello o recheo levado a cabo á beira do regato de A Gralleira, Vixoi?.*

Sra. alcaldesa: non

5.- *¿Cales foron as razóns para a modificación do trazado da I Fase do saneamento en Lubre?.*

Sra. alcaldesa: houbo unha demora ó non ter dispoñibilidade dos terreos; irá noutra Fase.

6.- *¿Existen prazos para a dotación da biblioteca da Senra?.*

Sra. alcaldesa: xa conta con dotación de libros infantís e xuvenís, e tódolos anos se dota unha partida conxunta para as dúas aulas.

7.- *¿En que punto se atopan os pasos previos necesarios para a contratación da redacción do Informe de Sostenibilidade Ambiental, paso necesario para a tramitación do PXOM?*

Sra. alcaldesa: os técnicos están rematando coa elaboración dos Pregos..

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e dúas horas e trinta minutos, remátase a sesión, por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, a secretaria xeral, dou fe.

A secretaria xeral

V. e Pr.:
A alcaldesa

M.^a de las Mercedes Fernández González

Alejandra Pérez Máquez